

Autismo Galicia organiza tres cursos nos que se aborda o TEA no ámbito educativo

Escrito por ADMINISTRADOR

Luns, 04 Setembro 2017 09:38 - Modificado o Luns, 18 Setembro 2017 13:24

A Federación Autismo Galicia organiza tres novos cursos de formación en Santiago de Compostela nos que se aborda o tratamento das persoas con TEA dende a perspectiva da Educación. Están dirixidos a profesionais do ámbito educativo como mestres, educadores, orientadores, coidadores... que non pertencen a entidades asociadas á federación e desenvolveranse no último trimestre deste ano. Os tres cursos serán impartidos por Marlene Horna Castiñeiras, licenciada en Psicoloxía e que conta con máis de 15 anos de experiencia no ámbito do TEA.

PRIMEIRO CURSO: 'Apoios visuais como ferramenta de intervención nos Trastornos do Espectro do Autismo', ten como obxectivo que os participantes aprendan a intervir e axudar ás persoas con TEA en diversos contextos empregando diferentes tipos de apoios visuais. Terá lugar o 7 de outubro.

SEGUNDO CURSO: 'Habilidades sociais en persoas con Trastorno do Espectro do Autismo', no que os participantes adquirirán recursos e ferramentas para ensinar ás persoas con TEA a desenvolverse socialmente. Terá lugar o 11 de novembro.

TERCEIRO CURSO: 'Intervención sobre as condutas inadecuadas en persoas con TEA', o apoio condutual positivo. Neste curso o obxectivo é que os participantes no curso entendan por que se producen e se manteñen as condutas inadecuadas no contexto escolar ordinario. Saber que detrás destes comportamentos existe un motivo que se ensinará a descubrir e analizar para así planificar e intervir de forma proactiva. Terá lugar o 16 de decembro.

Autismo Galicia organiza tres cursos nos que se aborda o TEA no ámbito educativo

Escrito por ADMINISTRADOR

Luns, 04 Setembro 2017 09:38 - Modificado o Luns, 18 Setembro 2017 13:24

PROGRAMAS E INSCRICIÓNS

FORMACIÓN



ABORDAXE DO TEA NO ÁMBITO EDUCATIVO

Destinada a profesionais do ámbito educativo
Prezo especial de 160€ apuntándose aos tres cursos

CURSO
1

APOIOS VISUAIS COMO FERRAMENTA DE INTERVENCIÓN NOS TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO

▶ Data: 7 de outubro

▶ Prazas: 30

▶ Coste: 65 euros

CURSO
2

HABILIDADES SOCIAIS EN PERSOAS CON TEA

▶ Data: 11 de novembro

▶ Prazas: 30

▶ Coste: 65 euros

CURSO
3

INTERVENCIÓN SOBRE AS CONDUCTAS INADECUADAS EN PERSOAS CON TEA: O APOIO CONDUTUAL POSITIVO

▶ Data: 16 de decembro

▶ Prazas: 30

▶ Coste: 65 euros